



Confederación Intersindical Galega

PERANTE A SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE (MOI URXENTE)

MANOEL ANXO GARCÍA TORRES, con DI. nº 76.707.405, en calidade de Secretario de Organización da Unión Local da CIG de Verín e membro do Comité de Folga da Vidreira do Atlántico., con enderezo a efectos de notificacións na vila de Verín, Sindicato CIG, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º, CP 32600. Verín. (Tfn. 626327371. Fax. 988611647); perante a **SUBDELEGACIÓN DO GOBERNO EN OURENSE** comparezo e **DIGO**:

Que a meio do presente escrito formulo **DENUNCIA** contra a Dirección da empresa **VIDREIRA DO ATLÁNTICO, S.A. e o GRUPO BA VIDRIO, S.A.** de Xinzo da Limia (Parque Empresarial s/n), fundamentándoa en base aos seguintes,

F E I T O S :

I.- Que a empresa "Vidriera del Atlántico, S.A." conta cun cadro de persoal aproximado duns 140 traballadores (fixos, temporais e cedidos pola ETT Sesa Start España ETT, S.A.).

No mes de outubro de 2007, mudou o accionariado da citada empresa, transferíndose a totalidade do capital social do (vendedor) grupo Sotancro ao (comprador) Grupo BA Vidrio, S.A., que obsteña, hoxendía, as funcións de Dirección da patronal.

II.- Que en data 30 de Novembro do 2009 os administradores da empresa instaron perante o Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense, concurso de acredores, que foi resolto por Auto do citado órgano do día 9 de Decembro do 2009 e, á súa vez, apelado por mais de 73 traballadores/as da Vidreira do Atlántico, S.A. en data 23 de Decembro do 2009.

Na solicitude de concurso a dirección da empresa peticionou ao Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense autorización para paralizar o forno de fusión da factoría; autorización que non foi concedida polo órgano xudicial, porque suporía o despedimento inmediato de todo o cadro de persoal.

III.- Que os días 23 e 24 de Decembro puxemos en coñecimento tanto dos administradores empresariais e concursais da Vidreira do Atlántico, como do Xulgado de 1ª Instancia nº 4 de Ourense unha circunstancia de máximo risco para a actividade fabril, as instalacións e as persoas do centro de traballo de Xinzo da Limia. A saber:

Requiriuse que se procedese a cambiar de inmediato a fita transportadora que subministra area e materias primas ao forno de fusión, dado que o seu lamentábel estado de conservación provoca un iminente risco de ruptura e, de acontecer, habería que forzar a paralización do forno de fusión por falta de alimentación de materias primas, co risco que iso entrañaría para a seguranza das instalacións e persoas.

Que a tais feitos son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A) Risco para a seguraza das persoas e bens. Fita transportadora de materias primas:

O permanente incumprimento empresarial da Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como a negativa a convocar o Comité de Saúde Laboral para adoptar medidas correctoras dos riscos existentes na fábrica, unido á situación de desidia e deixazón empresarial, derivada da declaración de concurso de acredores e dirixida a acadar o obxectivo pretendido pola sociedade: o peche da empresa; configuran un panorama de grave risco para a seguraza das persoas e bens na Vidreira do Atlántico que, polo que se olla, os directivos da mercantil non están dispostos a arranxar de xeito inmediato, como require a gravidade do problema.

Se neste momento se producise a ruptura da fita transportadora de materias primas ao forno de fusión, non ficaría mais remedio que deter bruscamente o forno de fusión, co risco que tal operación entrañaría para a seguraza das persoas e das instalacións, de non facerse programada, secuenciada e procedimentadamente.

Non pode esquecermos que na solicitude de concurso de acredores rexistrada no Xulgado Mercantil de Ourense, os administradores da Vidreira do Atlántico, procurando pechar a fábrica en fraude de lei e pola vía rápida, solicitaron ao Xulgado a paralización do forno de fusión; **acción que non foi autorizada**, de momento, polo órgano xudicial. Así as cousas, un accidente ou unha ruptura da fita transportadora das materias primas ao forno de fusión, aparelaría o efecto pretendido de paralización do forno. Por tal motivo, obstando a dirección empresarial o poder de organización e disposición e tendo solicitada e rexeitada a detención do forno, conflúe nise órgano dirixente un arriscadísimo cruzamento de intereses que leva consigo enormes tentacións e, consecuentemente, riscos para os dereitos dos traballadores e das persoas. Cómpre lembrar que na fundamentación da petición de pechamento do forno de fusión, non autorizada polo Xulgado, argumentaban os administradores da Vidreira do Atlántico o seguinte:

“Conviene reseñar que la temperatura media en ciertas partes del horno llega a alcanzar los 1600 grados centígrados, temperatura que debe mantenerse de forma constante pues de lo contrario aparte de existir el riesgo de perjudicarse el proceso productivo de forma irreversible y definitiva, podrían tener lugar siniestros de imprevisibles consecuencias para la integridad de las personas y las instalaciones.

En este sentido podemos citar entre algunos de los siniestros acontecidos en los últimos años en instalaciones de similar naturaleza, el que tuvo lugar en la fábrica de Castellar de la mercantil Vidrala, S.A., el acaecido en Moerdijk (Holanda) en el año 2006 o el más reciente ocurrido en la fábrica de Avilés de Saint Gobain en marzo del pasado año”.

En conclusión, non tendo sido estimada a pretensión da empresa de paralizar o forno de fusión (pretensión ilegal que deixaría a todos os traballadores sen ocupación efectiva); existe unha clarísima colisión entre os intereses empresariais



Confederación Intersindical Galega

de paralización do forno e o seu deber de xestión da seguraza das instalacións e persoas. Nise senso é altamente preocupante o estado de conservación da fita transportadora de materias primas ao forno de fusión que a Dirección da Empresa, sabendo da súa precaridade, non arranxa.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que, presentado este escrito, cos documentos que se achegan, se admita e, na súa virtude, se proceda a incoar **URXENTEMENTE** o correspondente procedemento inspector e, como consecuencia do mesmo, se **xire vista ás instalacións a efectos de comprobación dos riscos denunciados** e, tras tal acción, se levante acta de infracción á denunciada, dacordo coa lexislación vixente, impóndolle as sancións previstas; así como obrigánda a corrección dos riscos que se atopen.

En Xinzo a 24 de Decembro do 2009

Asdo. Manoel Anxo García Torres